


O 31 de xullo de 1950, coincidindo co remate das festas do Apóstolo na cidade de Santiago, naceu Roberto Ignacio Vidal Bolaño, que co paso do tempo se convertería nun dos creadores do teatro profesional galego.


Realizou os seus primeiros estudos de primaria e bacharelato en Santiago e con doce anos comezou a traballar como repartidor de recambios de coche, emprego ao que seguiron outros: nunha axencia de viaxes, nun almacén de coloniais e nunha entidade bancaria, até que, con vinte e sete anos, pasou a traballar profesionalmente no teatro.



Fundou a primeira compañía profesional de teatro en galego, o Grupo Antroido, na que realizou todo tipo de funcións: empresario, director, actor, autor, electricista, pintor...

Ao longo da súa traxectoria artística escribiu preto das trinta obras teatrais, algunhas delas adicadas ao público infantil.

Tamén realizou guións para as televisións galega e española, levando á pantalla relatos de escritores galegos como Fole ou Blanco Amor. Participou como actor en longametraxes e series televisivas e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas.



Recibiu numerosos premios pola súa obra teatral: Premio Abrente, Premio Cunqueiro, Rafael Dieste, Eixo Atlántico, Tirso de Molina...

No ano 1991 creou e dirixiu a compañía Teatro do Aquí, coa que seguiu representando as súas propias obras.

Roberto Vidal faleceu en Santiago de Compostela na madrugada do once de setembro de 2002.

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL



Roberto Vidal Bolaño

O ANANO: Velo aí tes o tesouro que eu gar-do. É de fíos preciosos. Pero só te poderás facer con el se es quen de me falar nunha lingua que eu non coñeza. E coñézoas to-das. Galego, francés, alemán, chinés, he-breo, quechua... Veña, di algo! Se non o en-tendo, é teu.

O TATEXO: *(Con grande esforzo)* Poppoiss nononon mememe popopoderei fafafa-facer cococon el.

O ANANO: Como dis? Repítemo outra vez, por se non oín ben.

O TATEXO: Quequequeque nononon mememe popopoderei fafafa-facer cococon el.

O ANANO: *(Con asombro)* Non pode ser.

O TATEXO: Oooooo qqqqqe?

O ANANO: Non hai maneira! Non te entendo! Non podes falar máis claro?

O TATEXO: Nonononon seseseñor.

O ANANO: Pois amoláchesme! Esa lingua non a coñezo. Toma, aí o tes, o tesouro é teu. *(O rapaz, sen o crer alá moito, bótalles man aos fíos todos e dispónse a saír con eles correndo)*

O TATEXO: Momomomomomoiatatatas gragragrgracias.

O ANANO: Antes de que te vaias e, só por matar o verme, en que lingua me falaches?

O TATEXO: Eeee en en en cacacal hahabía ser? En galego, natural-

mente! Pero son tatexo e ás veces entrampá-lleme un pouco. Aín-da que non sempre, como pode ver.

O ANANO: Serei paspán! Como non me decatei?




DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2013



ROBERTO VIDAL BOLAÑO

(1950-2002)

 Seminario Galán.org



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA